

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL "PRODER II - COMARCA DE PONTEVEDRA "
CELEBRADA O 22 DE XANEIRO DE 2003.

Na Casa Consistorial do Concello de Pontevedra e baixo a presenza do Sr. Alcalde do Concello de Pontevedra D. Miguel Fernández Lores, reuniuse en primeira convocatoria, o 22 de xaneiro do ano 2003, a XUNTA DIRECTIVA, ó obxecto de celebrar sesión urxente e coa asistencia dos señores representantes que de seguido se indican:

MESA SECTORIAL DE TURISMO: GUILLERMO MARTÍNEZ PINTOS ("OS AREEIROS" VILABOA).

MESA SECTORIAL VITIVINÍCOLA: XOSÉ MANUEL BOULLOSA IGLESIAS (ASOC. VITICULTORES DE VILABOA).

MESA SECTORIAL DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS: M^a CONCEPCIÓN NÚÑEZ PINTOS(AAVV OS TRES PINOS DE XEVE).

MESA SECTORIAL DE MULLERES: ROSA VARELA MAGARIÑOS (ASOC. MULLERES RURAIS DE BARRO).

MESA SECTORIAL DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS: JOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (AEMPE).

MESA SECTORIAL DE COMERCIO E ARTESANÍA: FELISA VILLA VIDAL (FELICASTOR - POIO).

MESA SECTORIAL DE ECONOMÍA SOCIAL E TERCEIRO SECTOR: JOAQUÍN PESQUEIRA MARTÍN (ASOCIACIÓN AMIZADE).

MESA SECTORIAL FORESTAL: AGUSTÍN DE LA MATA MARTÍNEZ (ESCOLA DE CAPATACES DE LOURIZÁN).

MESA SECTORIAL DE COMUNIDADES DE MONTES: CLAUDIO QUINTILLÁN BALLEJO (POIO).

SECTOR INSTITUCIONAL E OUTRAS ENTIDADES:

CONCELLO DE BARRO: JOSÉ ANTONIO LANDÍN EIRÍN.

CONCELLO DE POIO: LUCIANO SOBRAL FERNÁNDEZ.

CONCELLO DE PONTEVEDRA: MIGUEL FERNÁNDEZ LORES.

CONCELLO DE PONTE CALDELAS: PERFECTO RODRÍGUEZ
MUÍÑOS.

CONCELLO DE VILABOA: XAVIER MÍGUEZ SANTOS.

CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA:
MANUEL SOAGE LOIRA.

CAIXA DE AFORROS DE GALICIA: RAFAEL JOSÉ SOLLA VIDAL.

Non asisten: MESA SECTORIAL AGROGANDEIRA: AGUSTÍN
MALVAR AMOEDO (COOPERATIVA SERRA DO SUÍDO) nin a UNIVERSIDADE
DE VIGO: PEDRO MERINO GÓMEZ.

Asisten así mesmo o coordinador do programa Sr. Veiga Lage e a RAF
Sra. Rodríguez Freire.

Polo que o quórum de asistencia da sesión é de 16 persoas das 18 que
compoñen a Xunta Directiva.

Ábrese a sesión polo Sr. Presidente as 20.00 horas, quen expresa que
enviouse a documentación coa antelación suficiente pra o seu estudio e tratamento
nesta Xunta.

De seguido presenta ós compoñentes do equipo técnico de xestión
seleccionado polo procedemento aprobado na Xunta Directiva e que comenzou a
traballar o día 26 de decembro de 2002, e que son os seguintes:

Xerente: Dna. LAURA NIETO ZAS

Técnico economista : D. MARCO ANTONIO GARCÍA RODRÍGUEZ

Administrativa: Dna. MARIA EULALIA MONTES IGLESIAS

De seguinte adoptáronse os seguintes Acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Por unanimidade préstase aprobación ó borrador da Acta anterior, celebrada o 19 de NOVENBRO de 2002.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INCORPORACIÓN DE NOVOS SOCIOS.

Dáse conta da solicitude de incorporación ó Grupo efectuada por MANUEL ANGEL CHAMADOIRA MUIÑOS, vecino de Bora- Salgueiral, quen promove un complexo de turismo rural en Regodobargo (Ponte Caldelas). Informase favorablemente a solicitude, nembargantes o interesado deberá acreditar a súa condición de persoa xurídica, requisito que se exige para adquirir a condición de socio.

3.- EXPOSICIÓN DO PROCEDIMENTO E RESULTADOS DA CONTRATACIÓN DE PERSOAL.PRESENTACIÓN DO PERSOAL CONTRATADO.

Este asunto xa foi exposto e os integrantes da Directiva contan coa documentación ó respecto.

4.- EXPOSICIÓN, DISCUSIÓN E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN DE COMUNICACIÓN DO PROGRAMA PRODER.

- *Convocatoria do concurso de logotipo**
- *Contido e desenvolvemento do plan**
- *Financiación**

Exponse detalladamente pola Xerente ,o contido , desenvolvemento e orzamento do Plan de comunicación , así como a idea de convocatoria do concurso e logotipo.

Exponse a necesidade de colaboración coas Entidades Financeiras integrantes do Grupo para financiar parte destes custos.

Aceptase a suxerencia do representante da mesa sectorial de economía social e terceiro sector, de incluír unhas xornadas temáticas dirixidas a persoas con discapacidades.

Desígnanse ós cinco integrantes da comisión seleccionadora do logotipo que serán: Decano de facultad de Bellas Artes, Decano de facultad de Ciencias Sociais, Xerente do Proder, representante da mesa sectorial de artesanía, Dna. Felisa Villa Vidal e un membro elixido polos concursantes.

Encoméndase a adxudicación do plan de comunicación á comisión composta polos seguintes cinco membros: Presidente, Vicepresidente primeiro, Secretario, RAF e Xerente do Proder.

Tras estas aclaracións APRÓBASE POR UNANIMIDADE O PLAN DE COMUNICACIÓN DO PROGRAMA PRODER.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA DE ASAMBLEA XERAL.

Co gallo de planifica-la apertura da prazo de solicitude de axudas con cargo o Programa PRODER II, propónse a convocatoria da Asemblea Xeral da A. D. R. para o vindeiro venres 14 de febreiro as 20.00 horas para trata-la seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da Acta anterior, se procede.
2. Comunicación de cambio de sede social
3. Comunicación do resultado da selección de persoal da oficina técnica
4. Discusión e aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime interno (ANEXO I).
5. Exposición e aprobación, se procede, das Bases da Convocatoria de Axudas con cargo ó PRODER (ANEXO II).
6. Rogos e preguntas

APRÓBASE POR UNANIMIDADE A CONVOCATORIA DE ASAMBLEA XERAL PROPOSTA.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS CON CARGO Ó PRODER.

Pola Xerente expónse o texto de bases da convocatoria de axudas e as propostas de modificacións do mesmo respecto os artigos 6,7,8, 9 e respecto á porcentaxe de reparto ente actividades productivas e non productivas.

Aceptase a proposta do Vicepresidente primeiro de modificación do artigo 17, no senso de esixir aval bancario para á concesión de anticipos .

Debátese amplamente sobre a esixencia de proxecto técnico no momento da solicitude e acórdase que se contemple no artigo 10 a posibilidade de que abonde presentar ó inicio proxecto básico.

Considérase así mesmo oportuno incluír a excepcionalidade no artigo 13 de que o promotor non poida asina-lo contrato no prazo dun mes " agás por causas de forza maior alleas ó promotor.

Polo coordinador expónse a xustificación das modificacións dos artigos 8 e 9 , no referente a diferente ponderación dos criterios de selección nas actividades productivas ou non productivas, e no referente ó límite de fondos públicos totais que se poden dedicar ás actividades non productivas.

Tras estas intervencións **APRÓBANSE POR UNANIMIDADE AS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS CON CARGO Ó PRODER, PARA A SUA POSTERIOR RATIFICACIÓN POLA ASAMBLEA XERAL, QUE DE SEGUIDO SE TRANSCRIBEN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Artigo 1º- Obxecto da convocatoria.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación.

Artigo 3º.- Tipos de axudas.

Artigo 4º.- Beneficiarios titulares dos proxectos.

Artigo 5º.- Actuacións subvencionables.

Artigo 6º.- Financiamento.

Artigo 7º.- Outros requisitos dos proxectos subvencionables.

Artigo 8º.- Criterios de selección.

Artigo 9º.- Intensidade e límites das axudas.

Artigo 10º.- Solicitudes e documentación.

Artigo 11º.- Prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 12º.- Subsanación de defectos.

Artigo 13º.- Resolución das axudas.

Artigo 14º.- Contratos.

Artigo 15º.- Seguimento e control dos proxectos.

Artigo 16º.- Obrigas do promotor.

Artigo 17º.- Anticipos.

Artigo 18º.- Xustificación do investimento e pagamento da subvención.

Artigo 19º.- Modificacións.

Artigo 20º.- Normativa de aplicación.

Disposición final.

ANEXOS

- I. MODELO DE SOLICITUDE.
- II. MODELO DE DECLARACIÓN DE TÓDALAS AXUDAS SOLICITADAS, CONCEDIDAS OU QUE SE PRETENDA SOLICITAR PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO.
- III. MODELO DE COMPROMISO DE RESPECTAR O DESTINO DO INVESTIMENTO, ALOMENOS, DURANTE OS CINCO ANOS SEGUINTE A CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRA OU INVESTIMENTO, AGÁS QUE EXISTA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA MÁIS RESTRICTIVA Ó RESPECTO.
- IV. MODELO DE COMPROMISO DO PROMOTOR DE TER A DISPOSICIÓN DO GAL, DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, DO ORGANISMO INTERMEDIARIO, DA COMISIÓN DA U.E., E DOS ÓRGANOS DE CONTROL ESTABLECIDOS, DURANTE OS CINCO ANOS POSTERIORES Á FINALIZACIÓN DO PROXECTO, TODA A DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA VERIFICAR O INVESTIMENTO OU GASTO.
- V. MODELO DE COMPROMISO DO PROMOTOR DE FACILITAR Ó GAL TÓDALA DOCUMENTACIÓN QUE PRECISE PARA VALORAR O PROXECTO.
- VI. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA DO PROMOTOR DE XERACIÓN E MANTEMENTO DE EMPREGO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Desenvolvemento Rural "PRODER II - Comarca de Pontevedra" (en adiante, ADR) é unha asociación sen ánimo de lucro que constituíuse en outubro de 2001 como Grupo de Acción Local co obxecto de servir de núcleo de converxencia e representación de persoas individuais, axentes sectoriais e entidades xurídicas e institucionais, tanto públicas como privadas, interesadas no desenvolvemento rural e integral das zonas de actuación e dende esta plataforma acadar obxectivos vinculados co desenvolvemento rural, a mellora da calidade de vida e a valorización dos recursos culturais e naturais.

A Asemblea Xeral da Asociación de Desenvolvemento Rural PRODER II - Comarca de Pontevedra celebrada o 14 de maio de 2002 aprobou o programa de desenvolvemento rural "Valorización do Territorio".

Con data do 24 de abril do 2002 publicouse no Diario Oficial de Galicia a *Resolución do 16 de abril de 2002 pola que se convocan axudas ós programas de desenvolvemento rural de Galicia*. A ADR presentou nesta convocatoria o seu programa de desenvolvemento rural que foi aprobado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural na data do 4 de xullo de 2002.

O dezaseis de outubro de 2002 asinouse o convenio entre o Ministerio de Agricultura, Pesa e Alimentación, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Asociación de Desenvolvemento Rural "PRODER II – Comarca de Pontevedra" que rexe as normas xerais para a aplicación do programa "Valorización do Territorio" dentro do marco do programa PRODER II.

O orzamento total do programa é de 9.745.508,15 euros dos que un total de 6.081.069,77 euros corresponden a fondos públicos.

A concesión das axudas ós promotores de actividades que se encadren dentro dos obxectivos e medidas do programa de desenvolvemento rural "Valorización do territorio" rexeráse pola seguinte

CONVOCATORIA DE AXUDAS DENTRO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PRODER II- COMARCA DE PONTEVEDRA

Artigo 1º- Obxecto da convocatoria.

A presente convocatoria ten por obxecto establecer normas para a presentación e selección de proxectos que contribúan o desenvolvemento endógeno e sostido do medio rural, o fortalecemento e diversificación da súa economía, o mantemento da súa poboación, a elevación das rendas e benestar social dos seus habitantes, a conservación do patrimonio, do contorno e dos recursos naturais, dentro do territorio formado polos concellos de Barro, Poio, Pontecaldelas, Pontevedra e Vilaboa.

As ditas normas refírense á aplicación do programa "VALORIZACIÓN DO TERRITORIO" da A.D. R. Proder II – Comarca de Pontevedra aprobado de acordo coa *Resolución do 16 de abril de 2002 pola que se convocan axudas ós programas de desenvolvemento rural de Galicia* enmarcadas no Programa PRODER II, que forma parte do Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006, como medida 5 do eixo prioritario nº 7, aprobado por Decisión da Comisión das Comunidades Europeas C(2001) 246 do 7 de marzo de 2001. As ditas normas están contidas no convenio de referencia asinado na data do 16 de outubro entre o MAPA, AGADER e a ADR.

Artigo 2º- Ámbito de aplicación.

Os proxectos que se presenten á presente convocatoria deberán ubicarse dentro do ámbito territorial que constitúen os termos municipais de Barro, Poio, Pontecaldelas, Pontevedra e Vilaboa con excepción do núcleo urbano de Pontevedra.

Artigo 3º. – Tipos de axudas.

Establécense dous tipos de axudas:

3.1. Actividades e inversións de carácter productivo: terán como obxectivo a xeración de ingresos mediante a valorización do patrimonio natural e cultural e a mellora do entorno económico a fin de contribuír á creación de emprego.

3.2. Actividades e inversións non productivas: aquelas que, inda tendo carácter privado, sexan de interese público ou colectivo e non constitúan por si mesmas unha actividade económica

Artigo 4º. – Beneficiarios titulares dos proxectos.

Poderán solicita-las axudas recollidas neste réxime:

- a.1. Para as axudas a actividades e inversións de carácter productivo:
Os empresarios individuais, Sociedades Mercantís, Sociedades Agrarias de Transformación, Cooperativas, Sociedades Laborais e calquera outra entidade con personalidade xurídica recollida na lexislación vixente, así como as Entidades públicas de carácter local, que vaian acometer un proxecto de inversión localizado na zona de aplicación do programa ou relacionado directamente coa mesma en termos de desenvolvemento.
- a.2. Para as axudas a actividades e inversións non productivas:
Concellos, Mancomunidades e outras institucións e entidades públicas ou privadas, incluídas, no seu caso, as persoas físicas, que vaian acometer actividades ou inversións que, inda tendo carácter privado, sexan de interese público ou colectivo e non constitúan por si mesmas unha actividade económica.

Para calquera tipo de axudas:

- a. Ser pequena empresa nos termos previstos no Regulamento (CE) 70/2001, por:
 - Empregar a menos de 50 persoas. O cadro de persoal obtérase pola media mensual tida durante o ano do último exercicio financeiro pechado e considerará tanto ó persoal a xornada completa como, en ponderación mensual o traballo a tempo parcial ou estacional.
 - Ter un volume de negocio anual non superior a 7 millóns de euros ou ben un balance xeral anual que non exceda de 5 millóns de euros.
 - Cumprir co criterio de independencia de acordo co disposto no Regulamento (CE) 70/2001, de 12 de xaneiro de 2001, o artigo 41 da Lei 2/1995 de Sociedades de Responsabilidade Limitada e no artigo 87 do Real Decreto Lexislativo 1564/1989, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas.
- b. Estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, ou, no seu defecto, ter concedido aprazamento ou moratoria.
- c. Mante-lo destino da inversión auxiliada, ó menos, durante cinco anos posteriores á certificación de finalización de inversións, agás que existe lexislación específica máis restrictiva ó respecto.
- d. Cando se trate de Cooperativas, Sociedades Agrarias de Transformación, Sociedades Laborais ou calquera outra entidade xurídica de traballo asociado que se dediquen á produción, comercialización e/ou transformación de produtos agrarios, os límites de cadro de persoal, o volume de negocios anual e o balance

A.D.R. "PRODER II - COMARCA DE PONTEVEDRA"

xeral sinalados no apartado b) serán de 250 traballadores, 20 millóns de euros e 10 millóns de euros, respectivamente.

- e. Ás Entidades Públicas de carácter local non se lles aplicará os apartados b. e c.

Artigo 5º. – Actuacións subvencionables.

Os proxectos subvencionables ó abeiro desta convocatoria deberán enmarcarse dentro das medidas do programa da *A. D. R. PRODER II – Comarca de Pontevedra* que son as seguintes:

- Prestación de servizos ás empresas.
- Renovación, desenvolvemento e mellora de núcleos de poboación rural e do contorno.
- Valorización da produción agraria.
- Fomento de pequenas empresas, actividades de artesanía e de servizos.
- Valorización do patrimonio rural e local.
- Fomento dos investimentos turísticos no medio rural: Agroturismo e turismo local.

Artigo 6º. – Financiamento.

Os proxectos serán financiados cos fondos FEOGA - Orientación, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de AGADER e das Entidades Locais de acordo coa seguinte distribución:

MEDIDAS:	FEOGA - Orientación	MAPA	AGADER	LOCAL	TOTAL PÚBLICO
ASIST. TÉCNICA – FUNCIONAMIENTO	346.714,98	-	260.650,96	304.794,53	912.160,47
PRESTACIÓN DE SERVICIOS ÁS EMPRESAS	174.004,44	42.800,87	42.800,87	34.668,55	294.274,73
RENOVACIÓN, DESENVOLVEMENTO NUCLEOS E ENTONO	9.294,99	2.799,81	2.286,34	1.557,18	15.938,32
VALORIZACIÓN DA PRODUCCIÓN AGRARIA	190.067,33	60.651,17	46.751,95	34.832,41	332.302,86
FOMENTO PEQUENAS EMPRESAS	872.627,15	238.012,68	164.850,73	76.226,65	1.351.717,21
VALORIZACIÓN DO PATRIMONIO	1.091.604,34	293.646,27	169.940,79	82.766,13	1.637.957,53
FOMENTO INVESTIMENTOS TURÍSTICOS	980.518,10	264.622,14	215.251,31	76.327,11	1.536.718,66
TOTAL	3.664.831,33	902.532,94	902.532,95	611.172,56	6.081.069,78

As axudas previstas nesta convocatoria serán compatibles con outras axudas

públicas ou privadas, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poidan supera-los límites previstos no artigo 78.8 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no artigo 81 da Lei xeral orzamentaria e na normativa comunitaria.

A concesión das axudas previstas nesta convocatoria quedará condicionada ás posibles observacións ou modificacións formuladas pola Comisión Europea como consecuencia da notificación desta convocatoria e do réxime de axudas que lle sexa aplicable.

Artigo 7º.- Outros requisitos dos proxectos subvencionables.

7.1. Actividades productivas.

Serán subvencionables os proxectos dirixidos á creación de novos establecementos, así como os destinados á ampliación, modernización ou traslado dos existentes.

A estes efectos, consideraranse:

- a) De nova creación, os que dean orixe á iniciación dunha actividade productiva e xeren postos de traballo.***
- b) De ampliación, os que supoñan o desenvolvemento dunha actividade xa establecida, mellorándoa e incrementando a produción, ou o inicio dunha actividade que implique un cambio radical no produto ou nos procedementos de produción e, en todo caso, incrementen o nivel de emprego.***
- c) De modernización, os que incrementen o nivel de produtividade de forma sensible ou melloren o nivel de impacto ambiental e que impliquen adquisición de equipos con tecnoloxía avanzada e incrementen ou consoliden o nivel de emprego.***
- d) De traslado, os que planeen a desmontaxe, traslado e montaxe de empresas, dende o exterior da zona de aplicación ata o interior, ou dentro da propia zona, sempre e cando realicen novas inversións en activos fixos no novo emprazamento, que supoñan mellora substancial na produtividade e nos niveis de emprego.***

Tamén poderán subvencionarse as inversións en capital fixo consistente no traspaso dun establecemento que teña pechado ou pechase de non procederse á súa adquisición, salvo cando o establecemento considerado pertenza a unha empresa en crise. Nestes traspasos, a transacción deberá ter lugar en condicións de mercado e deduciranse os activos que xa recibiran calquera tipo de axuda nacional ou comunitaria para a súa adquisición.

Non será auxiliábel o traspaso entre persoas con relación de parentesco en liña directa ou colateral, consanguínea ou por

afinidade, igual ou inferior ó terceiro grao, nin entre persoas e sociedades ou sociedades entre si, nas que algúns dos membros teñan a citada relación de parentesco.

7.2. Actividades non productivas.

Serán subvencionables as actividades e inversións non xeradoras de ingresos que dentro da estratexia global planeada no programa pola ADR persigan a mellora da calidade de vida no ámbito territorial da actuación e respondan a algunha das seguintes medidas:

7.2.1 Apoio ás empresas que presten servicios na comarca

7.2.2 Apoio ós servicios culturais e de ocio

7.2.3 Apoio as iniciativas de conservación y rehabilitación do patrimonio cultural e natural

7.2.4 Apoio a actividades formativas e de emprego

Así mesmo, serán subvencionables os proxectos non xeradores de ingresos financiados pola Sección de Orientación do FEOGA, o FEDER e FSE. Nembargantes, en virtude do disposto no apartado 37 da Comunicación¹, non son subvencionables as inversións en infraestructuras dun custe total superior a 90.000 euros, nin as que, calquera que sexa o seu importe, teñan sido declaradas de reserva a favor das Entidades Locais, nos termos do artigo 86 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.

De acordo co previsto no apartado 4.1.2.2 das Directrices Comunitarias sobre Axudas Estatais ó Sector Agrario (2000/C 28/02) e como complemento do disposto como casos especiais das axudas de carácter productivo, consideraranse inversións non productivas, as destinadas a:

- conservación de elementos do patrimonio, de carácter non productivo e situados nas explotacións agrícolas, tales como elementos arqueolóxicos ou históricos.***
- conservación de elementos do patrimonio de carácter productivo e situados nas explotacións agrícolas, cando, supoñendo un aumento da capacidade de produción, as***

¹ Comunicación da Comisión Europea ós Estados membros, de 14 de abril de 2000, pola que se fixan orientacións sobre a iniciativa comunitaria de desenvolvemento rural (LEADER PLUS), 2000/C 139/05 (D.O.C.E. C139 de 18-05-2000)

obras se efectúen con materiais tradicionais necesarios para o mantemento do carácter tradicional dos edificios. Neste caso, o carácter non productivo das inversións, a efectos de cálculo da axuda, aplicarase unicamente ó custe extraordinario que supoña a utilización destes materiais tradicionais.

- **en todo caso, a concesión de axudas a estas inversións non productivas relacionadas coa produción primaria deberán cumprilas condicións previstas para este tipo de axudas.**

Artigo 8º.- Criterios de selección.

Os criterios de selección agrúpanse en tres apartados:

1. VIABILIDADE, COHERENCIA E CALIDADE DA PROPOSTA.

Viabilidade técnica, económica e financeira do proxecto
Adecuación da acción ós obxectivos e natureza do programa
Carácter innovador da inversión
Integración entre sectores
Contribución a corrixir desequilibrios territoriais e productivos
Utilización de factores productivos locais
Modalidade do proxecto
Novos xacementos de emprego

2. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR.

Garantías económicas, financeiras e empresariais do promotor
Fomento da economía social
Accións colectivas

3. IMPACTOS XERADOS.

Impacto sobre o emprego
Valoración de empregos destinados a mulleres, xoves e colectivos desfavorecidos
Valor engadido
Repercusión medioambiental e social non valorada noutros criterios
Efecto multiplicador

Valoraranse con diferente peso as actividades productivas e as actividades non productivas segundo se recolle na táboa seguinte:

CRITERIO DE SELECCIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA	
		ACTIVIDADES PRODUCTIVAS	ACTIVIDADES NON PRODUCTIVAS
VIABILIDADE, COHERENCIA E CALIDADE DA PROPOSTA			
1	Viabilidade técnica, económica e financeira	10	5
2	Adecuación da acción ós obxectivos e natureza do programa	8	15
3	Carácter innovador da inversión	4	5
4	Integración entre sectores	4	8
5	Contribución a corrixir os desequilibrios territoriais e productivos	4	8

CRITERIO DE SELECCIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA	
		ACTIVIDADES PRODUCTIVAS	ACTIVIDADES NON PRODUCTIVAS
6	Utilización de factores de produción locais	8	2
7	Modalidade do proxecto	4	2
8	Novos xacementos de emprego	8	5
	SUBTOTAL (A)	50	50
CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR			
9	Garantías económicas, financeiras e empresariais do promotor	5	6
10	Fomento da economía social	5	2
11	Accións colectivas	5	7
	SUBTOTAL (B)	15	15
IMPACTOS XERADOS			
12	Impacto sobre o emprego	10	5
13	Emprego de xoves, mulleres e colectivos desfavorecidos	6	3
14	Valor engadido	8	2
15	Repercusión medioambiental e social non valorada en outros criterios	6	10
16	Efecto multiplicador	5	15
	SUBTOTAL (C)	35	35
	TOTAL (A+B+C)	100	100

Artigo 9º.- Intensidade e límites das axudas.

O importe da subvención calcularase coma unha porcentaxe sobre o orzamento do investimento subvencionable. A porcentaxe de subvención calcularase a partir da puntuación concedida ó proxecto cos criterios de selección expostos no artigo 8, tendo en conta que para as actividades productivas nos criterios nº 1 y 9 precísase obter un mínimo de 5 e 3 puntos respectivamente, e para as actividades non productivas nos criterios nº 2 e 9 precísase obter un mínimo de 8 e 4 puntos, respectivamente.

O procedemento de cálculo das axudas será o seguinte:

ACTUACIÓNS PRODUCTIVAS: A porcentaxe de subvención oscilará entre un 20 e un 41% e soamente nos casos de excepcionalidade concederase unha subvención do 50%, considerándose a excepcionalidade como aquelas actuacións que obteñan máis de 90 puntos e que creen máis de 10 postos de traballo, que teñan un interese excepcional para o desenvolvemento territorial ou aqueles que acaden a puntuación máxima, es dicir 100 puntos.

Os proxectos que non acaden un mínimo de 20 puntos non serán subvencionables. No caso de proxectos de non excepcionalidade a subvención concedida estará vinculada a puntuación obtida da seguinte forma:

PROXECTOS QUE OBTENÑAN < 20 PUNTOS	0 % de subvención
PROXECTOS QUE OBTENÑAN ENTRE 20 E 99 PUNTOS	20 % + 0,3 % de subvención por cada punto a partir de 20 cun máximo de 41 % de subvención salvo casos de excepcionalidade

ACTUACIÓNS NON PRODUCTIVAS. A porcentaxe de subvención oscilará entre un 50 e un 90% e soamente en casos de excepcionalidade concederáse unha subvención que pode chegar ó 100%, considerándose a excepcionalidade como aquelas actuacións asumidas ou promovidas polo GAL. Considerando como motivo de exclusión para proxectos non productivos, obter menos de 20 puntos.

Nos casos de non excepcionalidade a subvención concedida estará vinculada á puntuación obtida da seguinte forma:

PROXECTOS QUE OBTENÑAN < 20 PUNTOS	0 % de subvención
PROXECTOS QUE OBTENÑAN ENTRE 20 E 50 PUNTOS	50 % + 0,8 % de subvención por cada punto a partir de 20
PROXECTOS QUE OBTENÑAN MÁIS DE 50 E MENOS DE 90 PUNTOS	75 % + 0,3 % de subvención por cada punto a partir de 50
PROXECTOS DE MÁIS DE 90 PUNTOS	90% de subvención, excepto casos de excepcionalidade que poderían recibirlo 100 % de subvención

A porcentaxe máxima dos fondos públicos totais ligados ó programa que se poden dedicar ás actividades non productivas será dun 50 %.

Artigo 10º.- Solicitudes e documentación.

As solicitudes de axuda deberán presentarse mediante modelo de Solicitud Normalizado (ANEXO I), xunto co que deberá achegarse a seguinte documentación:

- a. Proxecto da actuación (proxecto de execución ou alomenos, proxecto básico), por duplicado, que deberá conter:
 - Descrición das actuacións e dos investimentos a desenvolver, así como a contribución da iniciativa ó desenvolvemento da zona.
 - Plano de situación.
 - Orzamento de gastos.
 - Estudio de viabilidade para un horizonte temporal mínimo de 5 anos.
- b. Se a iniciativa contempla a realización de obra civil, presentárase un proxecto realizado por un técnico competente e visado polo Colexio Oficial correspondente.
- c. Informe sobre o impacto ambiental que pode xerar a iniciativa.
- d. Título de propiedade ou capacidade legal de uso e aproveitamento dos bens do proxecto, por unha duración mínima que abrangue o período de execución do proxecto e os cinco anos posteriores.
- e. Certificación de Hacienda (A. E. A. T.), Facenda e Seguridade Social de estar ó corrente de tódalas obrigas fiscais e da Seguridade Social e, no seu caso, declaracións - liquidacións de impostos e boletíns de cotización.
- f. Permisos, autorizacións, inscricións e/ou calquera outros requisitos que sexan esixibles pola Comunidade Autónoma ou Municipio para o tipo de mellora ou

actividade de que se trate. Este requisito será esixible en todo caso no momento da sinatura do contrato de axuda, abondando no momento da solicitude certificación do Servicio Municipal de Urbanismo correspondente que acredite que o proxecto se adecúa á normativa local e autonómica.

- g. Declaración de tódalas axudas solicitadas, concedidas ou que se pretendan solicitar, para a execución do proxecto (en ANEXO II).
- h. Compromiso de respectar o destino do investimento, alomenos, durante os cinco anos seguintes á certificación de finalización de obra ou investimento, agás que exista lexislación específica máis restrictiva ó respecto (ANEXO III).
- i. Compromiso do promotor de ter a disposición do GAL, da Comunidade Autónoma, do organismo intermediario, da Comisión da U.E., e dos órganos de control establecidos, durante os cinco anos posteriores á finalización do proxecto, toda a documentación necesaria para verificar o investimento ou gasto (ANEXO IV).
- j. Compromiso do promotor de facilitar ó GAL tódala documentación que precise para valora-lo proxecto (ANEXO V).
- k. Declaración xurada de compromiso de xeración ou mantemento de emprego que figura na proposta (ANEXO VI).

Toda esta documentación será presentada por triplicado agás o proxecto de actuación.

Artigo 11.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. A data límite para a presentación das solicitudes das axudas será o 1/11/2006.

Artigo 12º.- Subsanación de defectos.

Revisada a solicitude e a documentación presentada, se faltase algunha documentación ou información, solicitaráselle mediante escrito ó promotor, que disporá do prazo de un mes para presentala. No citado escrito informarase ó promotor de que se non presenta a documentación no prazo sinalado, entenderase que desiste da súa solicitude. Transcorrido o prazo sen resposta do promotor notificaráselle o arquivo do expediente.

Artigo 13º.- Resolución das axudas.

Analizada á solicitude e documentación requirida e comprobado que contén a información necesaria e as axudas ás que se pretende acoller adecúanse á natureza das medidas do programa, no prazo de dez días o GAL realizará a inspección para verificar o non inicio do gasto ou investimento, levantando acta ó efecto. De seguido, procederase á elaboración do informe técnico - económico do proxecto e a súa valoración de acordo cos criterios de baremación establecidos pola A. D. R. "PRODER II – Comarca de Pontevedra".

Logo de recibi-lo preceptivo informe de elixibilidade e subvencionalidade do AGADER, a xerencia elevará a proposta de resolución da axuda ó órgano de decisión do GAL deixando constancia do acordo tomado na correspondente acta.

O acordo tomado comunicarase, por escrito e con acuse de recibo, ó interesado, así como o prazo do que dispón, no seu caso, para aceptar e asina-lo contrato de axuda e para presenta-la documentación complementaria que o GAL considere

oportuna antes da sinatura do contrato.

Contra a resolución adoptada, o solicitante poderá interpoñer o correspondente recurso. O promotor disporá de un mes de prazo para asinalo contrato dende a data de comunicación da resolución favorable, agás por causas de forza maior alleas ó promotor. Transcorrido ese prazo sen asinalo entenderase que renuncia á axuda e arquivarase o expediente.

O prazo de concesión das axudas polo GAL rematará o 31/12/2006.

Artigo 14º.- Contratos.

A "A.D.R. PRODER II – Comarca de Pontevedra" asinará un contrato de axuda co promotor do proxecto no que figuren as condicións da mesma. Nese momento sinalaráselle ó promotor o período mínimo do que dispón para o inicio das obras (tres meses), a partir da sinatura do contrato, así como o período máximo de execución (dezaoto meses). Por causas extraordinarias e alleas ó promotor, poderanse autorizar, por parte do A.D.R. "PRODER II – Comarca de Pontevedra" e de AGADER, prórrogas, tanto de inicio como de execución, que non superen a metade dos prazos anteriores.

No apartado de cláusulas particulares do contrato deberán recollerse as que a A.D.R. "PRODER II – Comarca de Pontevedra" considere, ademais dos compromisos incluídos polo promotor no proxecto presentado e aprobado.

O prazo de subscrición de contratos rematará o 31/12/2006.

Tamén poderán asinarse contratos en reserva de financiamento, dos que se enviará a correspondente copia a AGADER no informe seguinte á finalización do prazo de subscrición de contratos.

Artigo 15º.- Seguimento e control dos proxectos.

A A.D.R. "PRODER II – Comarca de Pontevedra", designará ós responsables do control e seguimento da realización do proxecto, que están obrigados a realizar visitas periódicas nas que quede constancia do estado e grao de cumprimento da execución do proxecto.

Dentro dos tres meses seguintes á sinatura do contrato, o responsable designado para o control - seguimento realizará unha visita para comprobar o comezo da execución das obras, da que elaborará a correspondente acta.

Nos casos en que o promotor non cumpra os prazos previstos, os responsables farán o preceptivo informe motivado, xustificando a necesidade de prorrogar o prazo ou de resolver o contrato.

A A.D.R. "PRODER II – Comarca de Pontevedra" deberá facer visitas e inspeccións ós proxectos xa rematados, co fin de garantir o cumprimento das finalidades

previstas durante o prazo sinalado no artigo 10.h para tódolos proxectos.

Artigo 16º. - Obrigas do promotor.

Son obrigas dos beneficiarios as establecidas con carácter xeral nestas normas e en particular as que se establezan nos contratos de axuda asinados entre a ADR e o promotor.

O incumprimento das citadas obrigas, así como das condicións establecidas para a concesión das axudas, pode dar lugar á revogación da subvención e, no seu caso, ó reintegro do indebidamente percibido e dos seus intereses de demora ou ó resarcimento de danos e perdas ocasionados.

Artigo 17º. -Anticipos.

A posibilidade de concesión de anticipos é potestativa da A.D.R. "PRODER II – Comarca de Pontevedra" e estará supeditada a dispoñibilidade de tesourería así como á presentación por parte do promotor das garantías que se lle requiran (aval bancario).

Artigo 18º. -Xustificación do investimento e pagamento da subvención.

18.1. Efectuados os investimentos ou realizado o proxecto, o promotor comunicará a súa terminación ó A.D.R. "PRODER II – Comarca de Pontevedra". Os responsables da A.D.R. "PRODER II – Comarca de Pontevedra" deberán verificar, tanto material como documental, a realización dos investimentos ou do proxecto e a efectividade do gasto.

- *A verificación material* asegurará a existencia real dos bens obxecto de comprobación, o seu axuste ó proxecto ou memoria valorada, a súa utilidade e funcionamento, a súa coincidencia coa xustificación documental e cantas comprobacións sexan necesarias en función dos investimentos ou gastos subvencionados. No caso de obra civil ou execución material, o promotor deberá presentar as correspondentes certificacións de obra asinadas por un técnico competente.
- *A xustificación documental* dos investimentos ou gastos subvencionados realizarase mediante facturas pagadas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, xunto cos títulos ou documentos bancarios ou contables que aseguren a efectividade do pagamento.

Os pagamentos inherentes ós gastos efectivos realizados na execución da acción subvencionada, xustificaranse:

- a) Mediante factura legal, emitida a nome do promotor, e xustificante bancario de movemento da conta do promotor da acción á conta do acredor que figura na factura. No xustificante

bancario vincularase o movemento coa factura do importe que se paga (por exemplo, co número de factura).

- b) Mediante, cheque/s nominativo/s emitido/s a nome do acredor que figura na factura e xustificante bancario no que se vincule o movemento co número de cheque/s.
- c) Mediante factura legal, letra/s de cambio vencida/s nas que o importe fose cargado definitivamente na conta do promotor da acción subvencionada e xustificante bancario no que, ademais, se vincule o movemento co número das letras.
- d) Letras non vencidas avaladas por entidade bancaria.
- e) Non se admitirán pagos en metálico.

Calquera outra forma de xustificación de pagos referente a un expediente de axudas distinto ós supostos anteriores deberá ser consultada polo promotor á ADR no momento da solicitude quen ó transmitir á AGADER xunto coa solicitude de dictame de elixibilidade.

- *A xustificación das achegas en especie* axustarase ó disposto na norma nº 1 do Regulamento (CE) 1685/2000 e ás instrucións que a tal efecto estableza a Comunidade Autónoma, quen visará de conformidade os xustificantes presentados, tendo a consideración de documentos contables de valor probatorio equivalente. Este extremo deberá indicarse previamente nas solicitudes dos promotores, no informe técnico - económico e na solicitude de informe de elixibilidade e de subvencionabilidade.

A A. D. R. "PRODER II – Comarca de Pontevedra" poderá aprobar certificacións parciais ós promotores dos proxectos por un importe mínimo de 36.000 euros. Informarase ós promotores da posibilidade da concesión de certificacións parciais e das garantías que se requirirán para a súa concesión.

Toda a documentación aportada con carácter xustificativo de accións deberá estar cotexada coa orixinal. Esta última deberá levar un selo cun texto que recolla que a factura foi subvencionada, no marco do programa de desenvolvemento rural, pola A. D. R. "PRODER II – Comarca de Pontevedra".

18.2. Os pagamentos do GAL realizarase sempre por transferencia bancaria, nunha conta única da que o promotor sexa titular.

Non se aceptarán endosos bancarios.

Para os pagamentos rexerá o principio de caixa única, pero o GAL deberá ter en conta as distintas fontes de financiamento ás que debe imputarse o pagamento.

Artigo 19º.-Modificacións.

1. Os promotores beneficiarios das axudas deberán comunicar á A. D.R."PRODER II – Comarca de Pontevedra" toda alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión, especialmente a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para o mesmo programa, poderá dar lugar á modificación da subvención concedida, previa autorización de AGADER.
2. Poderá autorizarse a dita modificación sempre que se cumpran os seguintes requisitos: a) que a modificación solicitada non desvirtúe a finalidade da axuda, b) que non exista prexuízo a terceiros, c) que os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación, de ter concorrido na concesión inicial, non supuxeran a denegación da axuda.
3. A modificación establecerá as novas condicións da concesión e no seu caso o reintegro do indebidamente percibido cos seus intereses.

Artigo 20º. - Normativa de aplicación.

A presente convocatoria está sometida ás bases reguladoras contidas nela e ás regras xerais previstas, segundo a fonte de financiamento, nas seguintes normas:

- a) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- b) Decreto 187/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real Decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.
- d) Real Decreto 2/2002, do 11 de xaneiro, polo que se regula a aplicación da iniciativa comunitaria "Leader Plus" e os programas de desenvolvemento endógeno de grupos de acción local, incluídos nos Programas Operativos Integrados e nos Programas de Desenvolvemento Rural (PRODER).
- e) Directrices sobre axudas públicas horizontais e sectoriais dictadas pola Unión Europea.
- f) Regulamento (C) nº 1257 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ó desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos.
- g) Regulamento (CE) nº 1159/2000 da Comisión, do 30 de maio de 2000, sobre as actividades de información e publicidade que deben levar a cabo os estados membros con relación ás intervencións dos fondos estruturais.

Disposición final.

A ADR PRODER II – Comarca de Pontevedra poderá desenvolver as normas contidas nesta convocatoria e en particular, poderá establecer criterios e límites cuantitativos distintos para os gastos ou investimentos subvencionados.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo representante do sector vitivinícola suxírese que se convoquen ás mesas sectoriais antes da Asamblea.

Ratifícanse as adquisicións efectuadas de equipos informáticos, reprografía y servicios de telefonía móbil e fixa.

- Non habendo máis temas a tratar levantouse a sesión sendo as 22.25 minutos do día 22/01/2003 e do que eu, como Secretario dou fe.

O Presidente

O Secretario

Asdo. Miguel Fernández Lores

Asdo. Perfecto Rodríguez Muiños